



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

O Pleno do Concello de Baiona, de data 26/04/2007 aprobou inicialmente o Regulamento do funcionamento do Centro Antena “A Foz do Miñor” de Baiona. Logo de que o regulamento se expuxera ó público durante trinta días e non habendo reclamación ningunha o acordo de aprobación resulta definitivo consonte o disposto no artigo 59.c) da Lei 7/85, procedéndose a súa publicación para súa entrada en vigor.

## **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO ANTENA “A FOZ DO MIÑOR” DE BAIONA**

### **TÍTULO PRIMEIRO**

#### **DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **ART 1.- OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do Centro Antena “A Foz do Miñor” do Concello de Baiona, de titulariedade municipal, establecendo os requisitos que deberá cumprir para o seu funcionamento e de conformidade coas específicas funcións que a presente norma lle asigna.

E necesario pois o seguimento dunhas normas comúns que permitan alcanzar un grao adecuado de convivencia e un mellor aproveitamento das instalacións, servizos o resto de medios de uso común do Centro Antena.

As normas recollidas nesta ordenanza serán de obrigado cumprimento para todos/as os /as que fagan uso das instalacións do Centro. As disposicións poderán ser ampliadas ou modificadas nun futuro, en función da experiencia adquirida e da operatividade observada na súa aplicación.

Para os efectos da presente normativa, entenderase por Centro Antena “A Foz do Miñor” o inmovible situado na Rúa Julian Valverde s/n de la Parroquia de Sabarís 36393 de Baiona, que levará a cabo cursos de formación, accións de mellora da empregabilidade, actividades de difusión e sensibilización sobre o medio rural, centralización de iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías e, en xeral, calquera acción que sirva para acadar un maior desenvolvemento de toda a zona. Este Centro queda adscrito á Concellería de Traballo do Concello.

Na parte superior do inmovible e formando parte do Centro, sitúase o Observatorio da Natureza de Baiona que estará adscrito a Concellería de Medio Ambiente do Concello.

##### **ART. 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

A presente ordenanza será aplicable ao Centro Antena “A Foz do Miñor” do Concello de Baiona.

### **ART. 3.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN E FUNCIONAMENTO**

O Centro Antena foi concebido para prestar un servizo público de fomento do desenvolvemento local da zona. Para acadar este obxectivo o seu funcionamento basearase nos seguintes principios:

- 1.- O acceso ás instalacións e actividades de todas aquelas persoas que o requiran e se comprometan a respecta-los dereitos e deberes recollidos na presente norma.
- 2.- A posibilidade de que o Concello poida cede-lo uso das instalacións e equipos para a realización de actividades por parte doutras organizacións, sempre que se cumpran os requisitos de fondo e forma establecidos na presente norma.
- 3.- A priorización daquelas accións máis directamente relacionadas co concepto e obxectivo para os que foi creado o Centro Antena.
- 4.- A gratuidade no uso das instalacións e equipos, con independencia do cobro daqueles servizos recollidos en ordenanzas municipais, respectando a xerarquía normativa.

### **ART 4.- DOS RECURSOS MATERIAIS**

O inmobile dispón na actualidade dos seguintes espacios habilitados e equipados na súa planta baixa:

Na planta Baixa:

- Recepción.
- Cibercentro dotado de 22 postos multimedia, dous deles especialmente destinados a persoas con discapacidade.
- Plataforma elevadora para persoas con discapacidade.

Na planta superior:

- Aseos.
- Despacho individual.
- Observatorio da Natureza (conta co seguinte material: 6 primáticos, 1 telecopio de longo alcance, 1 ordenador de xogos interactivos, 2 paneis interpretativos e 2 mesas expositoras)

### **ART 5.- HORARIO DE APERTURA.**



**EXCMO. CONCELO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

O horario de apertura do centro será sinalado polo órgano competente mantendo un mínimo de apertura de 32 horas semanais.

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **ART 6.—DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS**

Os/as usuarios/as do Centro teñen os seguintes dereitos:

- a) Dereito de acceso ás instalacións e equipos do Centro en condicións de igualdade, sen que poida existir ningún tipo de discriminación.
- b) Dereito á gratuidade dos servizos, coas excepcións recollidas nesta norma.
- c) Dereito á participación nas actividades do Centro Antena, sempre que cumbran os requisitos esixidos ós/ás potenciais participantes para os/as que se organiza a acción.
- d) Dereito a que os/as responsables do Centro fagan cumpri-la normativa sobre o uso das instalacións e equipos.
- e) Dereito a solicita-la cesión de instalacións e equipos segundo establece esta normativa.
- f) Cada terminal será utilizado por unha única persoa. Non se poderá cambiar de sitio a non ser que o persoal da biblioteca o autorice. O abandono reiterado do terminal comportará a perda do uso do mesmo.
- g) Dereito a ser tratados con corrección polo persoal da Biblioteca e a ser atendidos coa dilixencia cando as circunstancias o requiran
- h) Dereito a coñecer en calquera momento o nome da persoa que o atende.
- i) Dereito a coñecer en calquera momento o nome da persoa que o atende.
- j) Dereito a aportar suxerencias relativas ao funcionamento dos servizos, dispoñendo dun buzón para elo.
- k) Os/as usuarios/as disporán sempre de impreso de reclamación, que o persoal da Biblioteca deberá aportar. Neste impreso deberá constar a firma do reclamante, e se lle dará unha copia selada.

### **ART.7.- DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS**

Os/as usuarios/as do Centro Antena teñen os seguintes deberes xerais:

- a) Deber de atender-las indicacións dos/as responsables do Centro en todo o que atinxa ás súas normas de funcionamento.
- b) Deber de respectar ó resto de usuarios/as de xeito que se facilite o traballo de todos/as, evitando ruidos e molestias.
- c) Deber de mante-la limpeza do Centro.
- d) Deber de aboa-lo prezo de cada fotocopia ou folla impresa segundo o establecido na Ordenanza Fiscal Reguladora das Tasas por Expedición de Documentos Administrativos do Concello de Baiona



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

- e) Deber de manter os equipos multimedia e mobiliario do centro, equipamento e material do centro en perfecto estado de conservación material evitando o uso indebido dos mesmos.
- f) Cada terminal será utilizado por unha única persoa. Non se poderá cambiar de sitio a non ser que o persoal o autorice. O abandono reiterado do terminal comportará a perda do uso do mesmo.
- g) Está expresamente prohibido calquera acto de adulteración dos programas ou configuracións informáticas, así como maltratar os ordenadores, desconectalos, apagalos ou realizar algún cambio no seu funcionamento.

## **TÍTULO TERCEIRO**

### **CIBERCENTRO**

#### **ART. 8.- DESCRICIÓN DO CIBERCENTRO**

O Cibercentro do Centro Antena “A Foz do Miñor” , é un lugar adicado ao fomento e achegamento das novas tecnoloxías da comunicación e dotado dun completo equipo multimedia.

#### **ART. 9.- REXISTRO DE PERSOAS USUARIAS**

Calquera persoa que queira acceder ao uso do Cibercentro deberá cubrir a ficha de inscrición e rexistro diario de uso do Cibercentro deberá cubrir a ficha de inscrición e rexistro diario de uso , cos seus datos persoais, que figuran como Anexos I e II, respectivamente de esta ordenanza.

As asociacións, centros educativos, entidades, etc, que desexen usar o Cibercentro para impartir algún curso, cubrirán a solicitude que figura como Anexo III de esta ordenanza especificando os horarios, material , motivo, etc.

O rexistro de usuarios/as incorporárase con posterioridade a unha base de datos coa finalidade de levar a cabo un control dos mesmos, realización de estatísticas e memorias de utilización do centro, todo ca salvagarda do disposto na Lei 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Se garante o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei, poderase exercitar mediante carta ou fax dirixido a/ao responsable do Centro na seguinte dirección: Centro Antena “A Foz do Miñor” de Baiona Avenida Julian Valverde s/n, Sabarís, 36393 Baiona.

#### **ART. 10.- USOS**

Os equipos instalados no cibercentro se utilizarán prioritariamente para:



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Os/as usuarios/as do Centro Antena teñen os seguintes deberes específicos:

- Realización de traballos e actividades académicas.
- Busca de emprego/orientación profesional.
- Proxectos de teletraballo, formación e teleformación.
- Acceso a portais e servizos da Administración.
- Busqueda de información en xeral
- Autoaprendizaxe
- Actividades que contribúan ó desenvolvemento local.

Tamén poderá ser utilizado o Cibercentro para usos relacionados co ocio. Neste aspecto a realización de calquera actividade prohibida ou restrinxida pola legalidade vixente, será responsabilidade exclusiva do usuario/a.

#### **ART. 11.- PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS**

- a) Deber de inscribirse mediante carnet no Rexistro de Usuarios/as da Sala e de asinar unha folla de control no momento do seu acceso e saída como establece o Anexo I.
- b) Deber de respecta-lo uso prioritario dos postos adaptados para minusvalías, para aquelas persoas ás que están inicialmente reservados.
- c) Deber de respecta-lo tempo máximo permitido de uso de cada ordenador, establecido en 90 minutos, salvo que pasado ese tempo haxa algún equipo disponible e sempre en función do permiso outorgado polo persoal do Centro.
- d) Deber de cumpra-las instrucións recibidas por parte do persoal do centro sobre o uso dos equipos periféricos, para garantir esta normativa.
- e) Os/as menores de 16 anos poderán acceder ó uso dos equipos cunha autorización axeitada segundo establece o Anexo II desta normativa, ou ben sendo acompañados/as directamente por unha persoa maior de idade que asuma formalmente a responsabilidade.
- d) Prohibición de emprega-los equipos do Centro para reproducir calquera información protexida polas lei de propiedade intelectual e lexislación dispositiva de pertinente aplicación.
- e) Prohíbese a instalación por parte dos/as usuario/as de calquera tipo de software alleo ao que xa está instalado nos equipos. En caso de precisar a utilización de aplicacións informáticas diferentes as instaladas, deberá solicitarse previamente ao responsable do Cibercentro, quen previa valoración da idoneidade ou non de tal tarefa e a súa posible repercusión nos programas xa instalados será o encargado de autorizarla procedendo a súa instalación e desinstalación, asemade prohíbese a modificación na configuración dos equipos informáticos.
- f) Prohibición de acceder a páxinas que atenten contra a dignidade das persoas ou a contados relacionados con actividades ilegais.
- g) Prohibición de emprega-los equipos e/ou instalacións para comunicar ou difundir obscenidades, manter discusións ou enviar materiais perseguidos pola lei. Quedan incluídas a pornografía, drogas e piratería do software.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

h) Obriga xeral de respecta-las leis aplicables neste ámbito que poidan afecta-lo uso de equipos destas características.

### **ART 12.- CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS E EQUIPOS.**

As organizacións, asociacións e/ou entidades que desexen solicita-la cesión de uso das instalacións e equipos do Centro Antena a Foz do Miñor, deberán respecta-lo seguinte procedemento:

- A solicitude presentarase cun mes de antelación á data de realización prevista, no Rexistro Xeral do Concello ou no propio Centro Antena, mediante a presentación do Anexo III desta norma, acompañado dunha fotocopia do DNI do/a asinante da solicitude.
- Concello, a través do persoal da Concellería de Traballo no caso do cibercentro e do persoal da Concellería de Medio Ambiente no caso do Observatorio da Natureza, comprobará a adecuación da actividade para a que se solicita a cesión en relación cos obxectivos do Centro recollidos na presente normativa.
- A resolución da solicitude será comunicada mediante escrito asinado polo/a concelleiro/ as de Traballo, á entidade solicitante como mínimo 7 días naturais antes da data prevista para a realización da actividade.
- A realización da actividade será sempre supervisada polo Concello, sendo obrigatorio para a entidade solicitante respecta-la totalidade das directrices dictadas para o seu correcto desenvolvemento. Esta norma aplicarase tamén no tempo anterior e posterior á realización da actividade en que a organización teña acceso ás instalacións e equipos.
- O asinante da solicitude responderá da totalidade dos desperfectos, danos, perdas, roubos e demais incidencias que se produzan durante a realización da actividade. Esta norma aplicarase tamén no tempo anterior e posterior á realización da actividade en que a organización teña acceso ás instalacións e equipos.
- O Concello se reserva a posibilidade de cancela- la cesión no caso de incumprimento das obrigas por parte da entidade.
- O/a responsable do Cibercentro levará un cronograma de control das actividades programadas polos distintos departamentos do concello ou de outras entidades que requira o uso de ditas instalacións de conformidade co Anexo IV de esta normativa.

### **ART. 14.- SERVIZO DE REPROGRAFÍA**

1.- O Cibercentro dispón dunha fotocopiadora. O/a usuario/a poderá dispor dela sendo os gastos ocasionados por conta do/a peticionario/a.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

2.- A utilización do servizo de reprografía someterase estrictamente ao exposto na vixente Lei de Propiedade Intelectual e a normativa de desenvolvemento e pertinente aplicación.

3.- O prezo da fotocopia está incluído na Ordenanza Fiscal Reguladora da Tasa de expedición de documentos administrativos. Dita tasa será revisada periódicamente ao incremento dos custos e dos consumibles, e corresponderalle ao Pleno do Concello a aprobación das tarifas, as cales entrarán en vigor unha vez se publiquen no BOP. As normas e prezos expóranse nun lugar visible do centro Antena.

## **TÍTULO CARTO**

### **OBSERVATORIO DA NATUREZA**

#### **ART. 15.- DESCRICIÓN DO OBSERVATORIO**

O Observatorio da Natureza de Baiona é un lugar adicado o fomento e observación dos recursos paisaxísticos e medioambientais da marisma do Miñor.

#### **ART. 16.- REXISTRO DE PERSOAS USUARIAS**

Calquera persona que queira acceder ao uso do Observatorio deberá cubrir a ficha de inscrición e rexistro diario de uso, cos seus datos personais, que figuran como Anexo V e VII (de se-lo caso), respectivamente de esta ordenanza. No suposto de precisar usalo material de observación do observatorio (prismáticos e telescopio de longo alcance) deberán deixalo DNI o responsable do centro, namentras o/a usuario/a o esté utilizando.

As asociacións, centros educativos, entidades, etc, que desexen usar o Observatorio para a realización de algunha visita de grupo deberán cubri-la solicitude que figura como Anexo VIII de esta ordenanza especificando os horarios, material, motivo, etc.

O rexistro de usuarios/as incorporárase con posterioridade a unha base de datos coa finalidade de levar a cabo un control dos mesmos, realización de estatísticas e memorias de utilización do centro, todo ca salvagarda do disposto na Lei 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Se garante o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei, poderase exercitar mediante carta ou fax dirixido a/ao responsable do Centro na seguinte dirección: Centro Antena “A Foz do Miñor” de Baiona Avenida Julian Valverde s/n, Sabarís, 36393 Baiona.

#### **ART.17.- USOS**

Os equipos instalados no observatorio se utilizarán prioritariamente para:



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- Realización de traballos e actividades académicas.
- Observación de aves e recursos medioambientais.
- Realización de charlas ou seminarios de sensibilización medioambiental
- Realización de visitas guiadas de colexiós, asociacións sen ánimo de lucro e grupos de persoas en xeral.

### **ART. 18.- PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS**

- a) Deber de inscribirse mediante carnet no Rexistro de Usuarios/as do Observatorio e de asinar unha folla de control no momento do seu acceso e saída como establece o Anexo V e VII (de se-lo caso).
- b) Deber de respecta-lo tempo máximo permitido de uso do Observatorio, establecido en 90 minutos, salvo que pasado ese tempo haxa algún equipo disponible e sempre en función do permiso outorgado polo persoal do Centro.
- c) Deber de cumpri-las instrucións recibidas por parte do persoal do centro para garantilo bo uso do observatorio.
- d) Os/as menores de 16 anos poderán acceder ó uso dos equipamentos do observatorio cunha autorización axeitada segundo establece o Anexo desta normativa, ou ben sendo acompañados/as directamente por unha persoa maior de idade que asuma formalmente a responsabilidade.
- e) Prohibición de emprega-los equipos do Observatorio (prismáticos, telescopio de longo alcance, ordenador interactivo.....) para un uso diferente o cal están destinados.

Os usuarios responderá da totalidade dos desperfectos, danos, perdas, roubos e demais incidencias que se produzan durante a realización da actividade/ uso de equipamentos e instalacións.

### **ART 19.- CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS E MATERIAL DO OBSERVATORIO**

As organizacións, asociacións e/ou entidades que desexen solicita-la cesión de uso das instalacións e material do Observatorio da Natureza, deberán respecta-lo seguinte procedemento:

- A solicitude presentarase cun mes de antelación á data de realización prevista, no Rexistro Xeral do Concello ou no propio Centro Antena, mediante a presentación do Anexo VIII desta norma, acompañado dunha fotocopia do DNI do/a asinante da solicitude.
- O Concello, a través do persoal da Concellería de Medio Ambiente, comprobará a adecuación da actividade para a que se solicita a cesión en relación cos obxectivos do observatorio recollidos na presente normativa.





**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- A resolución da solicitude será comunicada mediante escrito asinado polo/a Concelleiro/ as de Medio Ambeiente, á entidade solicitante como mínimo 7 días naturais antes da data prevista para a realización da actividade.
- A realización da actividade será sempre supervisada polo Concello, sendo obrigatorio para a entidade solicitante respecta-la totalidade das directrices dictadas para o seu correcto desenvolvemento. Esta norma aplicarase tamén no tempo anterior e posterior á realización da actividade en que a organización teña acceso ás instalacións e material do observatorio.
- O asinante da solicitude responderá da totalidade dos desperfectos, danos, perdas, roubos e demáis incidencias que se produzan durante a realización da actividade. Esta norma aplicarase tamén no tempo anterior e posterior á realización da actividade en que a organización teña acceso ás instalacións e material do observatorio.
- O Concello se reserva a posibilidade de cancela- la cesión no caso de incumprimento das obrigas por parte da entidade.
- O/a responsable do Obervatorio levará un cronograma de control das actividades programadas polos distintos departamentos do concello ou de outras entidades que requira o uso de ditas instalacións de conformidade co Anexo VI de esta normativa.

## **TÍTULO QUINTO**

### **DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO.**

#### **ART. 20.- DEREITOS DO CONCELLO RESPECTO O USO DO CENTRO**

O Concello de Baiona ten os seguintes dereitos:

- Exerce-las facultades de decisión, control, supervisión e inspección das actividades desenvolvidas no Centro Antena.
- Resolve-la solicitudes de cesión de uso de instalacións e equipos presentadas segundo establece esta normativa.
- Aplica-las sancións correspondentes ante os incumplimentos desta normativa por parte dos/as usuarios/as de conformidade co réximen sancionatorio previsto nesta ordenanza
- Modifica-la presente normativa en función das necesidades do servizo prestado no Centro Antena.

#### **ART 21.- DEBERES DO CONCELLO RESPECTO O USO DO CENTRO**

O Concello de Baiona ten os seguintes deberes:

- Permitti-lo acceso libre ás instalacións e equipos de todas aquelas persoas que se comprometan a respecta-la presente normativa, en condicións de igualdade sen ningún tipo de discriminación.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- Permitti-la organización de actividades relacionadas cos obxectivos para os que foi concebido o Centro Antena, sempre que as entidades organizadoras respecten o procedemento establecido, segundo o calendario recollido no Anexo IV.
- Garanti-lo horario de apertura e acceso establecido na presente norma.
- Garanti-lo funcionamento das instalacións e equipos para a prestación dos servizos para os que foi establecido o Centro Antena.

#### **Art. 22.- COMPETENCIA DE CONTROL**

As facultades de decisión, control, supervisión e inspección das actividades desenvolvidas no Centro Antena corresponden en exclusiva ó Concello de Baiona a través dos responsables políticos e técnicos

### **TÍTULO SEXTO**

#### **RÉXIME DISCIPLINARIO**

#### **ART. 23.- INFRACCIÓN**

As accións ou omisións contrarias a esta ordenanza, consideraránse infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, formas e medidas que nel se determinan. Todo elo sen prexuízo da incoación do correspondente expediente sancionador o abeiro do Título XI da

Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Primeiro.-Este Regulamento, estará sometido ás oportunas revisións, dacordo coas futuras necesidades de ampliación dos servizos, e que se farán públicas no seu día.

Segundo.-Entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no BOP e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65 da LRBRL.





ANEXO II: AUTORIZACIÓN DE USO DA SALA DE ORDENADORES  
PARA MENORES DE 16 ANOS.  
CENTRO ANTENA “A FOZ DO MIÑOR”.

Datos da persoa solicitante:

Apelidos \_\_\_\_\_ Nome \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

D/Dna. \_\_\_\_\_ co DNI nº \_\_\_\_\_

como nai - pai - titor/a legal (risque o que non proceda) da persoa

solicitante, dou a miña autorización para que acceda á Sala de Ordenadores do

Centro Antena do Concello de Baiona , baixo a miña absoluta responsabilidade.

Achégase copia do DNI ou documento oficial acreditativo da personalidade do/a

solicitante e do/a persoa que autoriza.

Asinado:

En Baiona, a..... de ..... de 2006.

Data



ANEXO III: FICHA DE SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS E EQUIPOS.  
CENTRO ANTENA “A FOZ DO MIÑOR”-

DATOS DO/A SOLICITANTE.

NOME DA ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
ACTIVIDADE PRINCIPAL			

E na súa representación legal

APELIDOS	NOME	DNI
ACTUANDO COMO		

SOLICITA

A cesión de uso das instalacións e equipos do Centro Antena, tal e como consta na normativa que regula o seu funcionamento, asumindo a totalidade de obrigas e dereitos que nela se recollen, para a realización da seguinte actividade

NOME DA ACTIVIDADE
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

DESTINATARIOS/AS
DATAS E HORAS DE REALIZACIÓN
INSTALACIÓNS E EQUIPOS QUE SE EMPREGARÁN

E para que conste para os efectos de presentación da solicitude ante o Concello de Baiona, así o asino en Baiona a..... de..... de 200...











ANEXO VII: AUTORIZACIÓN DE USO DO OBSERVATORIO DA  
NATUREZA A MENORES DE 16 ANOS.

Datos da persoa solicitante:

Apelidos \_\_\_\_\_ Nome \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

D/Dna. \_\_\_\_\_ co DNI nº \_\_\_\_\_

como nai - pai - titor/a legal (risque o que non proceda) da persoa

solicitante, dou a miña autorización para que acceda á Sala de Ordenadores do

Centro Antena do Concello de Baiona , baixo a miña absoluta responsabilidade.

Achégase copia do DNI ou documento oficial acreditativo da personalidade do/a

solicitante e do/a persoa que autoriza.

Asinado:

En Baiona, a..... de ..... de 2006.

Data



ANEXO VIII: FICHA DE SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO DAS  
INSTALACIÓNS E EQUIPOS.  
OBSERVATORIO DA NATUREZA

DATOS DO/A SOLICITANTE.

NOME DA ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
ACTIVIDADE PRINCIPAL			

E na súa representación legal

APELIDOS	NOME	DNI
ACTUANDO COMO		

SOLICITA

A cesión de uso das instalacións e equipos do Centro Antena, tal e como consta na normativa que regula o seu funcionamento, asumindo a totalidade de obrigas e dereitos que nela se recollen, para a realización da seguinte actividade

NOME DA ACTIVIDADE
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
DESTINATARIOS/AS
DATAS E HORAS DE REALIZACIÓN
INSTALACIÓNS E EQUIPOS QUE SE EMPREGARÁN

E para que conste para os efectos de presentación da solicitude ante o Concello de Baiona, así o asino en Baiona a..... de..... de 200...